

A LEDICIA DE LER

“A revista *Vagalume*”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 22 de maio de 1977



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* dende 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

A revista *Vagalume*

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 22 DE MAIO DE 1977

Hai xa tempo que quería falar aquí desta revista para nenos, agora rexuvenecida e posta novamente en bo camiño, despois dunha penosa etapa crítica que estivo a punto de facela desaparecer. Aproveito o número que acaba de dedicar ao Día das Letras Galegas para referirme a esta fermosa aventura que está facendo posible a xenerosidade dun pequeno grupo de persoas preocupadas pola falta de asistencia en que se atopa o mundo das publicacións infantís en galego. E con isto sáltanos o primeiro interrogante. Como é posible que un labor tan importante como este quede abandonado ao entusiasmo duns cantos, cando existen institucións que tiñan a obriga moral de promover e realizar accións encamiñadas a dotar aos nenos non só dunha revista, senón de toda clase de materiais educativos e recreativos? E non me refiro soamente ás institucións estatais, pois se estas están culpablemente de costas a toda cultura que non sexa a oficial, hai en Galicia entidades e corporacións que por fidelidade ao seu país debían tomar ao seu cargo a defensa da cultura do seu pobo.

O caso é que a única revista infantil galega depende da xenerosidade dunhas poucas persoas, como tantas outras cousas neste recanto do mundo. Ás dificultades naturais que unha empresa semellante ten xa de por si hai que engadirille as que lle poidan ocasionar actitudes políticas máis ou menos explicitadas de persoas que teñen a rara virtude non só de equivocarse de inimigo senón tamén, como neste e noutros casos, de aliñarse involuntaria pero clarisimamente do lado de quen desexan que

empresas como esta non prosperen, o cal resulta tan magoante e doloroso como incomprendible.

Pero de momento *Vagalume* resiste e ademais parece que resiste ben, segundo os seus reitores. A isto contribúe indubidablemente a nova orientación que lle soubo imprimir o equipo que dirixe Pepe Fortes e do que forman parte Moldes e Pexegueiro, este último, o poeta autor de *Seraogna*. Ao entregar as páxinas da revista á fantasía creadora dos nenos engadíronlle unha frescura á publicación que resulta moi atractiva e supño que enormemente apaixonante desde o punto de vista pedagóxico. Coido que o propósito que anima ao equipo de manterse en contacto coas escolas, de maneira que sexan estas en definitiva as que fagan a revista mediante colaboracións tanto literarias como plásticas dos alumnos, é o máis correcto. Os nenos poderán sentir así que *Vagalume* é cousa deles e que deles depende.

O lector interesado e curioso pode ver dous exemplos moi significativos de canto acabo de dicir, nos derradeiros números, concretamente nos debuxos que os nenos das Encrobas fixeron sobre os sucesos ocorridos na súa parroquia e nos textos que escribiron sobre a lingua co motivo do Día das Letras Galegas. No primeiro caso, resulta asombrosa a claridade dos seus pensamentos, expostos cunha contundencia que só os pequenos poden conseguir. No segundo, sorprende o nivel de convivencia que acadou neles a problemática lingüística.

Coido ademais que algún deste material ten máis valor que o puramente testemuñal. Concretamente o xoguete cómico que firma a nena Helena de Carlos penso que ten valor en si e que a súa representación nun escenario debe ser moi interesante.

Por outra parte, como revista galega, *Vagalume* ten outro valor: a súa orixinalidade. A fuxida do mimetismo, que caracterizaba á segunda etapa, resulta loable. Ten moito máis atractivo un cómic feito por nenos, que a maior parte dos cómics que os maiores debuxan para os nenos. Este é outro dos acertos, e non o máis pequeno, dunha revista que empeza a ter moitos.

* * *